

MATERIA **Anatomía aplicada 1º bacharelato**PROFESOR/A **Ana Palmero Aneiros****CONTIDOS**

| 1.ª AVALIACIÓN | 2.ª AVALIACIÓN | 3.ª AVALIACIÓN |
|--|--|--|
| UNIDADE 1: Organización xeral do corpo humano UNIDADE 2: O sistema dixestivo UNIDADE 3: Alimentación e nutrición UNIDADE 4: Metabolismo e enerxía | UNIDADE 5: Sistema respiratorio e o aparello fonador UNIDADE 6: O sistema cardiovascular UNIDADE 7: A coordinación nerviosa e o exercicio. UNIDADE 8: A coordinación hormonal e a reprodución | UNIDADE 9: O sistema óseo UNIDADE 10: O sistema muscular UNIDADE 11: O movemento humano UNIDADE 12: Expresión e comunicación corporal |

O bloque 8 (Elementos comúns) será traballado durante todo o curso, e por tanto os seus estándares correspondentes serán recollidos nas tres avaliacións. O resto dos contidos e os correspondentes estándares de aprendizaxe estarán secuenciados nas diferentes avaliacións.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames

Obtención da cualificación

| | |
|---|-----|
| Probas escritas | 80% |
| Traballos e/ou proxectos de investigación | 10% |
| Traballo diario | 10% |

Para superar cada avaliación será preciso alcanzar un 5 sobre 10 ao considerar todos os aspectos anteriormente tratados. Para superar a materia deberá obterse unha nota mínima de 5 na media das tres avaliacións.

Se non se alcanza a nota mínima de 5 o alumno/a terá dereito a recuperar a parte adicada ao exame (80%) nunha proba de recuperación no seguinte trimestre. Non poderá modificarse a nota nos apartados referidos ao traballo diario e traballos/proxectos.

Se o alumno/-a non supera a materia por exames parciais terá dereito a un exame final en xuño que, pola súa excepcionalidade, supora o 100% da nota. Nesta mesma proba o alumnado que tivera algunha avaliación suspensa fará unha proba coas avaliacións non superadas. Esta proba final versará sobre os estándares correspondentes as avaliacións non superadas.

Para superar a materia o alumnado terá que alcanzar como mínimo un 5.

A nota final da materia na avaliación ordinaria virá dada pola media das tres avaliacións e para aprobar deberá ser igual ou superior a cinco puntos.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia que terá un valor de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de cinco puntos.

*Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:

- En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media
- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.
- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta, etc) durante a realización das probas escritas (exames, controis de clase,...) será sancionado cun cero na cualificación da correspondente proba.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: SI

Lecturas Recomendadas: artigos /textos científicos seleccionados.